



PROXECTO DE ORDE do ... de ... de 2016 pola que se regula a Carpeta Persoal de Saúde

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, recoñece á cidadanía diversos dereitos sanitarios, entre eles, o dereito á información no seu proceso asistencial, o cal se concreta, á súa vez, no dereito a coñecer toda a información dispoñible sobre a súa saúde ou no dereito a coñecer os requisitos de uso das prestacións e dos servizos de saúde en relación co seu proceso asistencial. Asemade, o artigo 9.6 da citada lei, proclama o dereito á utilización de novas tecnoloxías da información e a comunicación para potenciar a interacción electrónica entre a cidadanía e o Sistema Público de Saúde de Galicia.

Nesta liña, un dos eixos de actuación na administración autonómica é o de impulsar a modernización e a innovación tecnolóxica, co obxecto de potenciar e mellorar a calidade dos servizos ofrecidos á cidadanía, e como tal ven recoñecido no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, no que, ademais, se recollen diversas medidas que teñen como fin contribuír ao desenvolvemento da sociedade da información e facilitar á cidadanía o acceso á información por medios electrónicos, entre outros.

Así por exemplo, o Servizo Galego de Saúde ven de poñer en marcha a plataforma dixital *E-Saúde*, xestionada polo citado organismo autónomo e dirixida a pacientes e cidadáns, coa que se pretenden prover, de xeito ergonómico e accesible dende calquera dispositivo conectado a Internet, unha serie de servizos interactivos e contidos personalizados de saúde en función do perfil do usuario e o seu estilo de vida. Esta plataforma constitúe ademais un punto de encontro virtual entre a cidadanía, os profesionais e o Sistema Público de Saúde de Galicia, que proporciona a todos estes unha serie de ferramentas dixitais que axudan a xestionar a información en saúde dos usuarios e pacientes.

Ademais da citada plataforma existen no ámbito sanitario outros proxectos de innovación e tecnoloxías (tales como o Telea ou Fogar Dixital) creadas para ser empregadas



polos propios/as usuarios/as, coas que se posibilita a autoxestión polo/a paciente dos seus procesos de saúde.

A través desta orde trátase de dar sustento normativo a unha nova figura no eido das tecnoloxías da información como é a Carpeta Persoal de Saúde, que nace como un espazo de almacenamento persoal de información de saúde incorporada pola propia persoa usuaria ou paciente, ademais da xerada por dispositivos e aplicativos médicos de autocontrol, en ocasións proposta ou xerada a iniciativa dos propios servizos ou profesionais da saúde.

Préstase unha especial atención da mesma a determinados colectivos como son os menores de idade, respecto dos que serán os seus proxenitores ou titores legais os responsables de realizar todas aquelas xestións relacionadas coa súa saúde, e os incapaces e maiores, colectivo este último de especial interese nunha poboación netamente envellecida como é a galega. Respecto destes últimos, esta orde habilita mecanismos que permitirán xestionar a carpeta de saúde a aquelas terceiras persoas vencelladas con eles que sexan debidamente autorizadas.

Por todo o anterior e de acordo co disposto no artigo 33.1º do Estatuto de Autonomía de Galicia, e en uso das facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO

Artigo 1. *Obxecto*

1. O obxecto da presente orde é regular a Carpeta Persoal de Saúde así como os requisitos e condicións para a súa xestión, tanto por parte da persoa usuaria ou paciente como por parte de terceiras persoas autorizadas distintas do/a interesado/a.



2. Ademais da Carpeta Persoal de Saúde o Servizo Galego de Saúde poderá poñer a disposición das persoas usuarias do mesmo, a través do seu portal Web, outros servizos telemáticos sanitarios, de acordo coas condicións e requisitos que en cada momento se determinen.

Artigo 2. Carpeta Persoal de Saúde

1. A Carpeta Persoal de Saúde constitúe un espazo de almacenamento persoal de información baixo a única e exclusiva responsabilidade do usuario que a crea e a utiliza ou da persoa por el/ela autorizada a tal efecto. Trátase dun soporte dixital independente e completamente diferenciado da historia clínica electrónica, que estará integrado por toda aquela información persoal identificativa e de carácter sanitario incorporada polo propio/a usuario/a, por dispositivos e aplicativos médicos de autocontrol, adestramento, dietas, exercicio físico, monitorización de constantes ou rexistro de tratamentos, así como aquela proposta ou xerada a iniciativa de profesionais ou centros sanitarios. A información contida na citada carpeta persoal non será vinculante para os/as facultativos/as que interveñan na atención e seguimento do/a paciente.

2. As persoas usuarias que estean interesadas en dispoñer desta carpeta poderán solicitar a súa creación en calquera centro sanitario do Sistema Público de Saúde de Galicia mediante a presentación dunha instancia na que, ademais de recoller os seus datos identificativos e número de tarxeta sanitaria, deberán indicar o sistema de autenticación elixido e os métodos de acceso a aquela, consonte o disposto no artigo 6. Tamén poderá habilitarse pola persoa usuaria directamente facendo uso do seu DNI electrónico.

3. O acceso á Carpeta Persoal de Saúde efectuarase a través de portais web e medios ou dispositivos electrónicos xestionados ou autorizados polo Servizo Galego de Saúde, cuxa validez se poderá consultar no portal Web do Servizo Galego de Saúde. En función do perfil escollido pola persoa usuaria, poderá realizarse mediante o DNI electrónico, certificado dixital ou o Chave 365.



Artigo 3. *Inclusión de contidos na Carpeta Persoal de Saúde*

1. A Carpeta Persoal de Saúde estará integrada tanto por documentos e información incorporada pola persoa usuaria (incluíndo anotacións e comentarios) a través de dispositivos electrónicos, así como por información xerada por dispositivos e aplicativos médicos, consonte o sinalado no apartado 1 do artigo anterior.

A responsabilidade sobre a validez deses datos, os cales deberán reunir os requisitos de calidade suficientes e ser autorizada a súa integración na carpeta polo Servizo Galego de Saúde, será do paciente.

2. Poderán incorporarse ademais os informes e analíticas que formen parte da historia clínica electrónica do/a paciente ou datos obtidos a través de sistemas de monitorización e sistemas de información de seguimento de pacientes.

Artigo 4. *Persoas autorizadas para acceder á Carpeta Persoal de Saúde*

1. Poderá acceder á Carpeta Persoal de Saúde o/a propio/a paciente así como aquelas terceiras persoas autorizadas ao efecto por aquel/a ou que acrediten con aquel/a un vínculo familiar ou de feito, e na medida en que o/a propio/a usuario/a ou paciente o autorice expresamente.

2. Neste último suposto poderán acceder as seguintes persoas:

a) Cando se trate de persoas menores de idade, poderán acceder á súa carpeta persoal o seu pai, nai ou titor legal.

b) Cando se trate de persoas incapacitadas poderá acceder á súa carpeta o seu representante legal ou a persoa autorizada por este expresamente aos efectos desta orde.

c) Cando se trate de persoas maiores de idade que, non estando incapacitadas xudicialmente, sexan pacientes crónicos e debido ás limitacións propias da idade ou da enfermidade, poderá acceder á súa carpeta a persoa autorizada expresamente polo/a interesado/a aos efectos desta orde.



Artigo 5. Autorización para o acceso á Carpeta Persoal de Saúde por terceiras persoas

1. A persoa que queira acceder á Carpeta Persoal de Saúde dun terceiro deberá presentar, en calquera centro sanitario do Sistema Público de Saúde de Galicia, un documento asinado pola persoa outorgante no que se lle autorice expresamente para o acceso, de xeito que sirva como acreditación da súa representación aos efectos desta orde. No caso de que se trate de persoas menores de idade, o dito documento irá asinado unicamente polo pai, nai ou titor legal.

2. Xunto co anterior deberán presentar ademais a seguinte documentación:

a) Copia do DNI do outorgante.

b) Copia do DNI do representante legal, pai, nai ou titor da persoa menor de idade ou incapacitada.

c) Copia do libro de familia, no caso de que exista unha vinculación familiar acreditable entre o outorgante e a persoa autorizada expresamente por aquel.

d) Copia do contrato de traballo ou declaración xurada de prestación de servizos laborais, no caso de que exista unha vinculación de carácter laboral entre o outorgante e o seu representante ou persoa expresamente autorizada.

e) Copia da sentenza de incapacitación, no seu caso.

f) Copia do convenio regulador de custodia ou sentenza de divorcio, no seu caso.

3. Cando se trate de persoas menores de idade, o acceso á carpeta persoal do paciente facilitado ao seu pai, nai ou titor legal caducará automaticamente no momento de cumprir os 14 anos, agás que manifeste expresamente a súa vontade de que os seus proxenitores ou titores continúen accedendo á súa carpeta persoal.

Artigo 6. Sistemas e métodos de acceso



1. O acceso á Carpeta Persoal de Saúde poderá levarse a cabo mediante o emprego de Apps, aplicacións e demais sistemas integrados autorizados polo Servizo Galego de Saúde, en función do/s método/s de acceso elixidos ou autorizados pola persoa usuaria, os cales poderán ser empregados tanto por esta como pola terceira persoa que expresamente autorice.
2. A información existente na Carpeta Persoal de Saúde poderá comunicarse ao sistema lanus, onde será accesible segundo o indicado no Decreto 29/2009, de 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica. A información só se comunicará en caso de dispoñelo a persoa usuaria ou terceira persoa expresamente autorizada ao efecto.
3. A persoa usuaria ou terceira persoa expresamente autorizada ao efecto, poderá acceder á Carpeta Persoal de Saúde a través do DNI electrónico. Ademais deste, a persoa usuaria poderá elixir empregar outros mecanismos de acceso adicionais como son o certificado dixital ou o Chave 365.
4. Para poder acceder á Carpeta Persoal de Saúde á persoa usuaria deberá aceptar expresamente os termos e condicións particulares de uso da mesma.

Artigo 7. Datos de carácter persoal.

1. Os datos contidos na Carpeta Persoal de Saúde non forman parte da historia clínica electrónica polo que non serán, en ningún caso, responsabilidade do Sistema Público de Saúde de Galicia, o cal actuará unicamente como encargado do tratamento daqueles, quedando na obriga de cumprir as obrigas que aquilo conleva.
2. De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos para a creación da Carpeta Persoal de Saúde, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación do documento de autorización, serán incluídos no ficheiro



Borrador 01/06/16

denominado "Usuarios e profesionais do sistema sanitario". O órgano responsable deste ficheiro é a Consellería de Sanidade – Servizo Galego de Saúde.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Sanidade, Edificio administrativo San Lázaro, s/n 15703 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a secretaria.xeral@sergas.es

Disposición transitoria única. *Acceso vía internet*

A Consellería competente en materia de Sanidade disporá dun prazo de seis meses, contados a partir da entrada en vigor desta orde, para habilitar os mecanismos tecnolóxicos necesarios para facer efectivo o acceso e uso da Carpeta Persoal de Saúde por parte da cidadanía.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Facúltase á persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería competente en materia de Sanidade para ditar cantas instrucións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, xx de xxxxxx de 2016

O conselleiro de Sanidade

Jesús Vázquez Almuiña